

M.R.L.

Migratorias anduriñas pintan o celeste ceo Condal
con Aires de morriña mentres o vento brama rompendo
o teito. Negareime a esquecerte, negareime a olvidar
que lonxe a Utopía moura camiña ferida.

Emigrante de corpo viaxeiro e pensamento
inmortal que do Lar nunca fuxirás.

Randulfe veute camiñar cara
un mundo novo de Oriúndos feridos pola morriña,
soñaches mentres a Dorna das túas lembranzas
surca o centeo buscando o Reencontro coa aldea.

Íntegras néboas non
che impediron mirar cara os Garuleiros galegos que
forxan o ferro coa suor e coa Ubrada se alimentan.

Estraloques estoupan
no teu maxín ao tempo que te Zarrapica a nenez.

Lenes aldraxes de
Ósculos de
Paradela
son testemuñas de berros Estoupando
entre aturuxos que bailan por sempre escritos na pizarra con xiZ.